



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

**Expediente nº 2019/X999/001688**

### **DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO**

#### ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto 934/2019, do 10 de xuño, foron aprobadas as bases e efectuouse a convocatoria para a selección de dous socorristas como funcionarios interinos (BOP nº 113, do 17/06/2019).

Este expediente trae a súa causa da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña, que deu orixe á proposta da Segunda Fase (2019) do Programa de carácter temporal para a seguridade na praia lacustre da localidade (Praia do Lago) baixo o nº de expediente 2019/X999/001688 e que foi aprobado a través do Decreto 843/2019, do 24 de maio.

Ao proceso selectivo presentouse un único aspirante que foi proposto polo Tribunal para o seu nomeamento.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: artigo 21.1, letras g) e h).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.
- Decreto 993/2019, do 24 de xuño (BOP do 28 de xuño) no que se delegan determinadas competencias, entre outros, en materia de persoal na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

Por iso RESOLVO o seguinte:

Dacordo co establecido nas Bases que rexen a convocatoria, proceder ao nomeamento de **D. Marco Antonio Prieto Sanmartín**, con DNI nº 76417730T, como **Socorrista, funcionario interino**, Grupo C2, Complemento de Destino 18

Os servizos serán prestados durante un período de tres meses desde a data de toma de posesión.

As Pontes de García Rodríguez